

LINGUA GALEGA

Texto:

Dende os anos sesenta do século pasado, cando o retranqueiro Sr. Arturo, alcumado o Farranchán, con moita sorna falaba do tempo **porque** lle preguntaban **os** veciños, **moito** cambiaron as cousas. A medida que a nosa sociedade evolucionou **partindo** do sector primario cara ao sector servizos e **industrial**, todo **foi** distinto e moito máis complexo. Agora aquilo de  
5 preguntar que tempo haberá mañá e esperar unha resposta, despois de mirar cara ao ceo, xa pasou de moda.

Vivimos no tempo dos satélites e anúnciasenos que mañá a temperatura baixará ou subirá un grao. Así, ben informados, sabemos a roupa que temos que poñer ou se levar ou non paraugas. Mais, o que me chama a atención nestes anos de tanta técnica e modernidade é o  
10 concepto do que se entende por bo tempo. A medida que a vida vinculada ao sector primario perdeu folgos e tomaron corpo outros sectores, incluíndo o turístico, o que se entende por bo ou malo tamén mudou. Por iso agora considérase tempo bo cando non chove e mellor se fai unha temperatura case de verán. Esquecendo, ilusos de nós, que tamén é preciso que chova e que cando iso acontece tamén é bo tempo.

Trocou o que entendemos por bo tempo. Impuxéronos un concepto novo artellado soamente para favorecer as empresas turísticas e de ocio, esquecendo o sector primario e o que produce a terra, que é o soporte principal da nosa economía. Agora todo parece distinto e non nos decatamos de que estamos errados até que veñen uns meses sen chover e os nosos regatos van secos, os encoros están en mínimos e a natureza reséntese.  
15

En fin, todo muda, e como vivimos nesa voráxine publicitaria até pensamos que se chove temos un tempo moi malo. Por iso sería bo que entendésemos que a terra sen auga porá en moitas dificultades e perigos a nosa existencia e que é preciso que chova e, porque así sexa, non hai que falar de mal tempo.  
20

Cando vivía o sr. Arturo, el coas súas parrafadas e retranca falaba do tempo e todo o mundo entendía que o tempo tamén era bo cando chovía mainamente dez ou quince días seguidos. Os regatos tiñan que rebordar e cantar. Agora se chove un par de días, xa estamos aburridos e falamos de mal tempo. Que errados vivimos.  
25

(Manuel H. Iglesias, *Galicia Confidencial*, 17.11.2017)

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *retranqueiro* (l. 1), *alcumado* (l. 2), *sector primario* (l. 10), *folgos* (l. 11), *encoros* (l. 19) (1 punto).
2. Indique o tema do texto e escriba un resumo (2 puntos).
3. Indique a categoría gramatical das seguintes palabras no texto (destacadas en letra negra): *dende*, *cando* (l. 1), *con*, *porque*, *os*, *moito* (l.2), *nosa*, *partindo* (l. 3), *industrial*, *foi* (l. 4) (1 punto).
4. Conxugue o presente de indicativo e o presente de subxuntivo dos verbos *haber*, *ser*, *ir*, *subir*, *seguir* (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).